

**47.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE NOVEMBRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

*A Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus incorporouse a sesión no punto 10 da orde do día.*

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 46 DE DATA 2 DE NOVEMBRO DE 2016.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

**2.- LICENZAS PARA INSTALACIÓNS DE TERRAZAS.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA** na rúa Areal, 18-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal

de data 31/10/16.

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA** na Avda. Luís González Taboada, 48, baixo, de Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 31/10/16.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**3.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparación de gretas e humidade na rúa Garda Civil, 41 – Lalín** con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 31/10/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 02/11/16 por importe de de 394,93 euros en concepto de ICIO.

### **4.- PROCEDIMIENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN.**

**4.1.-** Acordouse **ordenar a Unión Fenosa Distribución, S.A. a execución**, á súa costa, dos traballos necesarios de reparación ou reposición do centro de transformación co obxecto de dotar á instalación das condicións de seguridade e ornato das que carece.

### **5.- CAMBIO DE VEHÍCULO DE TAXI.**

**5.1.-** Acordouse autorizar a interesado á adscrición á licenza de taxi nº 10 do **vehículo de nova adquisición** tipo turismo marca SEAT LEÓN 2000 ST.

### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**6.1.-** Acordouse **aprobar o proxecto de obra “ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO NA RÚA MANUEL RIVERO, 5”** a desenvolver polo obradoiro de emprego “Rivero Social Lalín”, redactado por arquitecto municipal.

**6.2.-** Acordouse **aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Acondicionamento de edificio na rúa Manuel Rivero, nº 5”**, a executar polo obradoiro de emprego, elaborado por arquitecto técnico municipal.

**6.3.-** Acordouse aprobar o **Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de Traballos da obra “CONSTRUCCIÓN DE UNA E.D.A.R. CON HUMEDALES ARTIFICIALES PARA LA POBLACIÓN DE ZOBRA**

**(PONTEVEDRA)”. TRAMO AVENIDA DE OURENSE-ESTRADA N-525,** presentado pola empresa Bilega Energía S.L.

## **7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**7.1.-** Acordouse **modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do día 9 de outubro de 2015 en relación co procedemento ordinario mediante oposición libre de dúas (2) prazas da categoría de policía locais como funcionarios de carreira deste Concello,** e continuar có proceso selectivo iniciado, no punto no que se suspendeu, é dicir, pendente de ditar Resolución da Alcaldía aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, de conformidade có establecido nas bases que regulan dito proceso.

**7.2.-** Acordouse contratar con carácter temporal, unha operaria de limpeza por ser a candidata que lle corresponde por orde de puntuación na lista da Bolsa de Emprego de Limpeza deste Concello, ata a incorporación ao seu posto de traballo da traballadora que se encontra de baixa laboral de longa duración.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

Acordouse **aprobar e declarar de abono a relación de facturas núm. 00152** por importe de 10.861,94 €.

## **9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**9.1.-** Acordouse aprobar a concesión das axudas ás persoas e entidades polos importes e conceptos ao abeiro das **Bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades deportivas.**

**9.2.-** Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa CONSTRUCCIONES PARGA AREÁN, S.L., e autorizar e comprometer un gasto por importe de 59.178,30 € con destino ao contrato de substitución de **“Remate do aparcamento e integración paisaxística co entorno do Pazo de Liñares”**, no Concello de Lalín.

**9.3.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.085,50 € (IVA engadido) con destino ao alugueiro dun vehículo de 9 prazas para o **desprazamento do alumnado traballador e expertos-docentes do Obradoiro de Emprego “Rivero Social Lalín”**, e contratar coa empresa ENTERPRISE

FLEX-E-RENT, o alugueiro dun vehículo de 9 prazas.

**9.4.-** Acordouse **aprobar a conta xustificativa** presentada polos vinteoito (28) beneficiarios da concesión de bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentes públicos e privados para o curso 2016-2017, por un importe total 3.040,00 €.

**9.5.-** Acordouse o pagamento anticipado do 50 % da contía da subvención aprobada para o programa oftalmolóxico, programa de apoio escolar, complemento á alimentación e adquisición de material escolar e tendo en conta o informe emitido pola Asesora Xurídica de Benestar de data 2 de novembro de 2016, á entidade **ASOCIACIÓN VOLUNTARIADO O MENCER**.

**9.6.-** Acordouse a denegación do recurso de reposición interposto contra a Resolución de denegación de bolsas complementarias ao estudo destinadas a alumnos/as de centros docentes públicos e privados. Curso 2016/2017, motivando a mesma, tanto no informe da traballadora social como polos informes emitidos polos centros educativos nos que están matriculados/as os/as menores, nos que indican que os/as menores non asisten a clase.

**9.7.-** Acordouse **proceder á devolución do aval** constituído como garantía do contrato de obra de melloras na senda peonil do río Pontañas por importe de 4.664,67 euros.

**9.8.-** Acordouse a **devolución do aval** constituído como garantía do contrato de subministro dun equipo de bacheo para o servizo de obras do Concello de Lalín por importe de 6.927,25 euros.

**9.9.-** Acordouse proceder á **devolución da fianza** constituída como garantía para a realización da obra de reparación de edificio sito en rúa Rosalía de Castro nº 44, Lalín, por importe de 1.800,00 euros.

## **10.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**10.1.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da sesión de Xunta de Goberno do 2 de Novembro de 2.016.

**10.2.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da sesión de Xunta de Goberno do 2 de Novembro de 2.016.

**10.3.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da sesión de Xunta de Goberno do 2 de novembro de 2.016.

**10.4.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 24 de outubro de 2016, punto 5.1. expedientes de contratación.

**10.5.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro de 2016.

## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**11.1.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo de 35 persoas para a noite do día 25 de xullo de 2017.

**11.2.-** Acordouse **solicitar á Xunta de Galicia-Consellería de Economía, Emprego e Industria-Servizo Territorial de Vigo** a parada temporal ata o 31 de decembro de 2017 do Ascensor situado na Praza de Galicia, 1-Casa Consistorial do Concello de Lalín.

**11.3.- Deuse conta do escrito presentado** solicitando o acondicionamento con zahorra do camiño situado na parroquia de Xaxán que comunica a antiga industria de procesado de cogomelos coa pista de Cotarelo e Souto, un tramo de 630 metros de lonxitude.

**11.4.- Deuse conta do escrito presentado** solicitando que se tomen as medidas necesarias e oportunas para que a zona de aproximación á rotonda de García Sánchez, no tramo de baixada, sexa dotada dun tratamento antideslizante.

**11.5.-** Acordouse **nomear como representante do Concello de Lalín no Consello Escolar do CEIP “Xesús Golmar”** a unha traballadora municipal, ante a presentada pola Directora do Centro e Presidenta da Xunta Electoral do CEIP “Xesús Golmar” no que solicitan a designación dun representante do Concello de Lalín no citado centro como integrante do Consello Escolar.

**11.6.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a ampliación de horario comercial do establecemento Tenda C&C ata as 22:00 horas e para o corte da rúa Calzada, a partires das 20:30 horas e ata as 22:00 horas, o venres 11 de novembro de 2016.

-----